NARÓN

Datos Do Expediente:

PROCEDEMENTO ABERTO		
Unidade Tramitadora:		
Contratacion e Obras Publicas - BRA		
Número expediente:	Documento:	
CON/17/2014	CONYI0QB	
101V4T3W123R0G3X0JWA		

ACTA PARA DAR CONTA DA DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA E APERTURA DO SOBRE "B" (DOCUMENTACIÓN TÉCNICA), NA LICITACIÓN MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO, DO SERVIZO DE MANTEMENTO DE HARDWARE E SOFTWARE ESTÁNDAR NAS INSTALACIÓNS MUNICIPAIS.

Na Sala de Xuntas, ás doce horas e dez do día 10 de outubro de 2014, reúnese a mesa de Contratación, constituída como órgano asesor no procedemento aberto seguido para a contratación da prestación do servizo de "Mantemento de hardware e software estándar nas instalacións municipais", formada por:

D. José Manuel Blanco Suárez, alcalde da corporación, que actúa como presidente.

Vogais:

D. Alfonso de Prado Fernández-Canteli, secretario xeral.
D. Manuel G. Antón Villamil, interventor accidental.
D. Manuel Rodríguez Álvarez, técnico de grao medio de Información e Comunicación.

Secretario de Mesa: Ignacio Mazaira Garro, xefe da sección de Contratación.

Na sala de reunión da Casa do Concello, coa asistencia das persoas anteditas, en cumprimento do Texto refundido da Lei de contratos do sector público, así como no prego de cláusulas administrativas particulares que regula a contratación dos devanditos servizos, co gallo de tratar os dous puntos da orde do día:

- Dar conta da documentación administrativa
- Apertura do sobre "C": Documentación técnica

Sendo as doce horas e dez minutos do día 26 de agosto de 2014 e antes de proceder á apertura dos sobres da documentación técnica, o secretario da mesa comunica aos asistentes a resolución do órgano de contratación pola que se rexeita a oferta presentada pola empresa Dixital Interactive Dream SL ao non xustificar correctamente a data e hora da presentación da plica na correspondente oficina de correos, tal e como esixe o artigo 80.4 do Regulamento xeral da lei de contratos das administracións públicas e a cláusula 8 do prego de cláusulas administrativas particulares que rexe esta contratación. E así mesmo, procede á realización das formalidades contidas no artigo 83 do Regulamento xeral da lei de contratos das administracións públicas, dandose a coñecer que as outras dúas empresas licitadoras presentadas, Inforhouse Informática y Telecomunicaciones SL e 2KSystems Soluciones Informáticas Ferrol SL, presentaron adecuadamente a declaración responsable conforme teñen plena capacidade e solvencia para contratar coa administración.

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

Para os efectos do disposto no artigo 27 do Real decreto lei 817/2009 de 8 de maio polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público, procédese, pola presidencia, á apertura dos sobres "C" de Documentación Técnica presentados polas dúas empresas admitidas na licitación.

Estas propostas remitiranse aos servizos técnicos municipais para o seu informe, e unha vez redactado, esta Mesa volverá a reunirse para proceder a valoración dos criterios técnicos, en cumprimento do artigo 25 do devandito Real decreto lei 817/2009 .

E non habendo máis asuntos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as doce horas e quince minutos da data indicada no encabezamento, redactándose a presente acta, de cuxo contido eu o secretario dou fe, asinando comigo o Sr. presidente.

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es